

A CANDEA

Nº 6

Deposito Legal: LU 454 - 00

ABRIL 2002

REVISTA TRIMESTRAL

EXEMPLAR GRATUITO

Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO"

REVISTA DO CAUREL

Esta revista está impresa en papel Ecológico

SUMARIO

Páx 2	Editorial - (Guía de teléfonos)
Páx 3	Non máis Emigración
Páx 4	Seguimos avanzando
Páx 5	Noceda (San Pedro)
Páx 6	Os muíños de Auga
Páx 8	Un día de Inverno no Caurel
Páx 9	Ruta de Folgoso a Froxán
Páx 11	Aqueles tempos da Escola
Páx 14	Historias de Froxán
Páx 16	Uxío Novoneyra
Páx 19	Cómo chegar o Caurel por un largo Camiño
Páx 21	Poesía
Páx 22	Fiesta Musical das Terras do Ouro
Páx 23	As Mociñas do Caurel
Páx 24	Cousas que Aconteceron
Páx 25	Reunión da Asociación / Faite socio Colaborador
Páx 26	Sabias que / Nota / Agradecemento
Páx 27	A Banda de Gaitas do Caurel

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)	982 43 31 02
CENTRO MÉDICO (SEOANE)	982 43 30 68
HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	061
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (PEDRAFITA)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (QUIROGA)	982 42 83 55
FARMACIA (FOLGOSO)	982 43 30 54
CASA DO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDIA CIVIL (SEOANE)	982 43 30 83
AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085

EDITORIAL

É primavera, xa quedaron atrás as longas e frías noites do inverno, xa deixa de verse o fume das lareiras, as serpes quécelle o sangue e asoman do seu cubil invernial, o cuco está a chegar, "*dez de Abril cuco morto ou non quere vir*" así o di o refrán, na primavera é todo vida, os castiñeiros, carballos, cerdeiras, freixos, faias e tantas outras árbores da nosa serra cóbrense dun manto verde, xa se enche o campo de floriñas de mil cores e en cada flor unha abelliña. Xa volve saír A CANDEA. É primavera.

Asoma un novo ano xa é 2002 ¡como pasa o tempo! non podemos ollar para atrás, o tren da vida non para nas estacións, ou sobes en marcha ou quedas en terra. Arrancamos ala polo verán do 2000, enganchamos o noso vagón o tren da vida e nel seguimos, ollando pasar as estacións e dando voltas a este variopinto mundo chamado ano. O noso vagón non perde o tren, segue cargado de ilusión, quizás de fantasía, pero estación tras estación, ahí estamos. ¿Alguén dubidaba que este proxecto fora quen de aguantar a veloz marcha deste tren? Pois aquí estamos. Nel seguimos, é moita a ilusión e esforzo que poñemos para que este vagón chegue a quen, en cada estación nos está esperando. E aquí estamos na primeira parada do 2002.

Graciñas a tódolos que axudades a chegar e como non, tamén a tódolos que estades esperando no andén da estación para dar a benvinda A Revista do Caurel.

Evaristo Méndez



A MELLOR MANEIRA
DE DISFRUTAR DA NATUREZA



ALUGUER
DE QUADS



Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

NON MÁIS EMIGRACIÓN

Entre os habitantes do Caurel é cotián escoitar o comentario de que a agricultura non é rendible, nin a gandería, nin apanar as castañas, (cando parece ser que non apanallas representa deixar perder uns 16 mlls. de euros, 2.700 mlls. de ptas. cada ano) etc. ¿Pode alguén imaxinar o que eses millóns representarían para O Caurel? Seguramente que non, pero valería a pena facer traballar os miolos nesa liña.

Unha cousa si é certa: ó Caurel chegan moi poucas axudas, e as que chegan non se saben rendabilizar, pero penso que nos tamén debemos coller o toro polos cornos en lugar de tanto laio. Sería mellor buscar outras formas de explotación mais modernas para conseguir unha actividade agraria rendible. No agro tamén é necesaria a innovación e a iniciativa dos labregos.

Nacín e me criei no Caurel, o cal me permite coñecer a idiosincrasia das súas xentes e, na miña modesta opinión, nos falta iniciativa e ilusión para emprender unha modernización do noso agro que, sen lugar a dúbidas, daría moita vida a todos, posto que aproveitando os nosos recursos poderíanse montar pequenas industrias, tales coma conservas de castañas ou grelos, por citar dous produtos de gran demanda nos mercados.

Hai zonas do Caurel baixo con condicións climatolóxicas para producir viño (algúns xa o están producindo para o seu consumo, de forma artesanal,) e a calidade pódese considerar moi aceptable, o cal nos indica que se a extensión de cultivo fora maior e os labregos tivesen mais experiencia vitivinícola, a cantidade sería rendible e a calidade podería mellorar moitísimo e estar a altura de outras zonas tradicionais neste sector.

Como primeiro, deberían acabar dunha vez co minifundismo, que xa está caduco e só serve para empobrecer os pobos, solicitar axudas á Xunta para proceder a unha concentración parcelaria e facer rendibles un bo número de zonas que hoxe non o son pola reducida extensión, pero que dispoñen dunhas terras excelentes, capaces de producir canto se lles bote. Noutras zonas de Galicia fíxose esa concentración parcelaria e o resultado é excelente. ¿Porqué non o ha de ser no Caurel?

Nas zonas altas: gandería, patacas, cereais, grelos; ademais das castañas (esas castañas que tan ben se venden en Barcelona como "castañas do Caurel"), etc. E nas baixas: hortalizas, froitas, viño, e como non, tamén castañas deses preciosos soutos que teñen; buscando sempre aquilo mais idóneo para as características do terreo. Nas que non serven para cultivo plantar árbores, que tamén nos fan boa falta, posto que son moitas as hectáreas de terra que están baleiras debido, entre outras cousas, ós moitos anos que nos pasamos queimando montes sen darnos conta da catástrofe que eso supoñía. Cando se corta ou queima unha árbore hai que plantar outra como mínimo, como se vén facendo nos países nórdicos desde sempre, para que os nosos montes estean cubertos de árbores en lugar de: uces, carqueixas, xestas, etc.

Os prados poderían manter unha cabana de gando moi superior á actual. Non esquezamos que a tenreira galega é de excelente calidade, e a do Caurel é un valor engadido. No Caurel non queda case de nada podendo ter case de todo.

Produciríase moito mais leite co que se poderían elaborar queixos frescos, eses queixos caseiros tan ricos que facían as nosas avoas e que superan con medras a calquera outro queixo desas características que podemos atopar nos mercados, neses mesmos mercados nos que xa o están vendendo moi ben como queixos do Caurel, sen o ser nin ser tan bos coma os nosos. Hai que recoñecer que hai xente lista coñecedora de que O Caurel vende ben. Parece que nós somos os únicos que non o sabemos.

No Caurel pódense compaxinar perfectamente agricultura, gandería, pequenas industrias e turismo rural. Son sectores perfectamente compatíbles e rendíbles se se saben explotar.

Na actualidade existen cooperativas de produtos ecolóxicos que se comprometen a comercializar toda a produción con esa denominación, co que a rendibilidade estaría practicamente asegurada. Xa sabemos que para iso se necesita investimento, e O Caurel non está sobrado de iso precisamente, pero se pode comezar por pouco e ir medrando a explotación como o fixeron tantos e tantos labregos e gandeiros de outras zonas hoxe importantes.

Vivimos nunha época na que se é presentado un proxecto viábel, este recibe axudas importantes, anque a veces non sirvan de moito (véxase se non o secadoiro de Folgoso) un bo proxecto e un bo montón de millóns de diñeiro público nun edificio que leva camiño de entrar en ruínas antes de principiar a actividade. ¡Que mágoa que tantos millóns sirvan para tan pouco no noso concello! Pero iso demostra que se hai iniciativa, as axudas chegan se se saben tramitar anque, iso si, tamén debemos facer un cursiño acelerado de como pedir axudas, porque no Caurel non sabemos moito de iso. Nunca soubemos. No Caurel emigramos en vez de pedir. Poderíamos producir case de todo, e vender en vez de mercar, coa diferenza de que a calidade dos nosos produtos sería mellor que moitos dos que mercamos de fora; pero nas nosas leiras se cultivan, de forma natural eso si, silvas, que dan unhas amoras moi ricas e non dan traballo.

O mesmo acontecen coa madeira. Temos madeira coa que poderíamos facer tarima e mobles, que estamos mercando fora, pero non temos xóvenes que a saiban traballar.

Resulta lamentable ver os poucos mozos que fican, traballando na lousa porque non saben facer outra cousa. E un traballo tan digno coma calquera outro, sen dúbida, pero é unha mágoa que non tiveran unha formación que lles permita desenvolver unha actividade empresarial propia na súa aldea. Hoxe é fácil fabricar na aldea e vender na cidade. Pero para iso hai que ser profesionais de algo e coñecer ben a profesión que se desenrola.



URBANO ARZA, S.L. CONTRATISTA DE OBRAS

MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO

Supermercado CLAUDIO

C/ Deputación N° 41
27325 FOLGOSO DO CAUREL
(Lugo)

As nosas autoridades locais deberían esforzarse en conseguir unha escola de formación profesional, (aunque fora temporal) na que se puideran aprender diferentes oficios para os desenvolver no Caurel, e pór freo á terrible lacra da emigración que está a matar as nosas aldeas, as que non están mortas xa. Por iso, desde aquí, pediría un esforzo a todos en xeral e, moi particularmente, apoio institucional para que os xóvenes vexan futuro nas súas respectivas aldeas creando as súas propias empresas. Co tempo esas empresas podense facer grandes e moito mais rendibles que a lousa ou a emigración.

A eses rapaces hai que darlles a oportunidade que non se nos deu ós que emigramos hai anos, e non por gusto, senón por imperiosa necesidade.

O Caurel necesita mocidade capacitada, por iso débense pór medios ó seu alcance. Emigración xa tivemos abondo, agora toca ficarse e construír o Caurel que todos desexamos. Un Caurel próspero, capaz de emular a actividade industrial que tivo hai algo mais de un século e desenvolver nas súas aldeas a iniciativa que moitos dos seus emigrantes desenvolveron fora. Son uns cantos os que criaron empresas rendibles noutras comunidades, (nas que tiveron a oportunidade de aprender un oficio) e nas que agora están criando unha riqueza que a nós nos viría moi ben para que a nosa poboación medrara en lugar de decrecer tan escandalosamente. Se se segue así, en

poucos anos O Caurel será unha gran residencia de vellos. Temos concellos lindeiros que conseguen mais cousas que nós, supoño que deben saber pedir mellor. Hai anos pensamos que co Plan Caurel e a Asociación Río Lor, íamos ver unhas melloras importantes, pero esas vímolos nos concellos lindeiros, porque o concello de Folgoso do Caurel foi ben pouco o que catou. Outros, que non son Caurel, viron bastante mais que nós. ¡Vaía reparto! De todas maneiras é fermoso ver que os mesmos que antes nos miraban ata con desprezo por ser do Caurel "os aldeáns do Caurel" chegaron a converterse no noso corazón. ¡Que bonito, entrañable e emocionante! Graciñas por querernos tanto durante o tempo que duraron os cartiños da Asociación Río Lor. Comezaron a querernos cando viron que a costa do Caurel podíanse obter bos beneficios.

O concello, co alcalde á cabeza, ten que ser o que faga chegar a Xunta as nosas inxedanzas e necesidades, que son moitas, sobre todo as últimas. Daren ideas e apoiar a aqueles rapaces que teñan iniciativa para facer cousas. Calquera cousa menos despoboar mais os nosos pobos. Emigración non mais, gracias.

ARTURO ARGILES (Colmeá) Folgoso

SEGUIMOS AVANZANDO

Co paso do tempo ven chegando algún proxecto para a Serra do Caurel. Dende hai un tempo temos moitas novas cara ó futuro que non sei se serán a solución ós moitos problemas pero sí un empuxe para conquistar maior calidade de vida, desenvolvemento aproveitando os recursos.

No verán pasado se falaba de dous plans, como é a creación dunha estación biolóxica en Seoane en coordinación coa Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación Río Lor. Hai uns días se anunciaba que en xuño empezarán as obras. Tamén está pendente a reconstrución total da estrada que une Quiroga con Folgoso, e o concello quirogués fala de facer un miradoiro cara á serra do Caurel. Aínda se comenta de crear unha ruta xeolóxica.

Son actuacións que serán moi positivas. Pola contra, haberá que sacarles o maior rendemento posible, e aproveita-las futuras dotacións. O idóneo sería compatibiliza-los recursos propios cos novos.

A explotación dos sendeiros a partir dos valores xeolóxicos é importante, pero para algúns nada novo. Por iso o que non estaría de máis sería a clara definición dun proxecto de recuperación e mantemento deses lugares de interés xeolóxico, paisaxístico e etnográfico, sen esquecer os construcións relixiosas. Algunha delas están coméndoas o vento e a chuvia. Se falamos así é dando eco a algúns dos veciños do Caurel. Falan moito de que a recuperación dunha mina, dun castro ou duna ferrería non pode quedar en pouco máis que nun letreiro de información dos cartos que se gastaron no seu día e que agora pouco se ven por falta de mantemento. O mesmo pasa por exemplo con indicadores en varias rutas de sendeirismo que un día se puxeron coma un logro e hoxe son unha desfeita.

Mentras os plans se anuncian, chegan e se plasman aínda vai habendo xente na serra que se involucra no mantemento das tradicións, rutas, museos etnográficos, zonas naturais e demais valores das xentes e do lugar. Sigamos apostando por eles e non os deixemos no olvido. Que non cheguen a ser recordos.

X.L.Q.



ROTULOS



Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj.

San Pedro, 13 bj.

☎ 982 22 19 90

☎ 982 22 63 07

NOCEDA (San Pedro)

Pertenece esta feligresía o arciprestazgo de O Caurel. Compónena os lugares de Teixeira, Vilela e Noceda, é amáis situada ó norte do Concello lindando, en boa parte, co Concello de Pedrafita do Cebreiro. Según o catastro do Marqués da Ensenada: *Esta feligresía tendrá desde levante a poniente media legua, de norte a sur otra media y de circunferencia legua y media que para caminarla se necesitan seis horas por lo áspero y quebrado del terreno. Linda por la parte de levante con la feligresía de san Lorenzo de Pacios en el marco de Chao da Braña, de el sigue al do Seijo a la Cueva de balas al marco de Cubeluda y al de Juanfranco, que a la parte del sur la divide de la de San Juan de Seoane, de el sigue a Fompedrido, al marco dos Acebeiros y pico de Mangaforzas que en la parte del poniente la divide de la de Santa María de Meiraos, de aquí sigue a Boca de Millara a Pena Alta de Andedo al pozo de Ribón siguiendo por el río hasta el arroyo de Gandarela que en la parte del Norte la divide de la Feligresía de San Juan de Fonfria y sigue al Marco de la Fuente de los Años a la Fuente de el Torneiro al Marco de las Veigas de Don García, al Aro de Coaña y al Marco da Braña, primera demarcación en la parte del levante y el referido coto se divide del resto de la Feligresía cortando desde el marco de la Fuente de Años a Abidul de los Escudeiros, Marco de Chao de Marco de Céramo, Chao de Golado y al de las Acebeiras.*

Os pobos de Noceda e Vilela, pertenceron á xurisdición do Señorío de la Encomienda de la Barra, dependendo esta da Orden de Santiago. Teixeira era coto e tiña xuíz propio, dependente do Mosteiro de Samos

Ocupa unha superficie de 12,2 Km², o que representa o 6,32 % do territorio total do Concello. Cun censo de 215 habitantes e unha media de 17,62 habitantes/Km² fai que teña o índice máis alto de poboación das parroquias do Concello.

A actividade económica xira arredor da gandeiría, e esta na produción de carne; boa parte das explotacións acóllense ó selo de calidade "Ternera Galega" o que fai máis rendible a produción e, o mesmo tempo, unha carne de gran calidade. Cabe destacar que as explotacións maiores do Concello atópanse nesta parroquia cunha cabana de 520 reses e unha media de 14,05 cabezas por estable.

A actividade agraria centrase na produción de pastos; boa parte do suelo de labor ocúpano prados e pastizales, sendo o resto, cultivo para autoconsumo. É importante tamén destacar que a superficie media por propietario é a máis alta das parroquias do Caurel con 2,32 Has/propietario

Boa parte do terreo atópase por enriba dos mil metros, destacando o Monte Lourense (1.293mts.), Cruz do Pico (1.270 mts.) e Pena Longa (1.070 mts.). O suelo calizo na súa maioría fai que sexa unha terra fértil e abundosa de auga; a variada vexetación, entre a que se atopan: freixos, pradairos, abelairas, rebolos e souto de castiñeiros entre outros, que cobren boa parte da superficie desta parroquia.

Ó ser un suelo calizo fai que sexan moitas as grutas e covas que aquí se atopan; moitas delas de

gran interese para espeleólogos e afeccionados, coma a de Ceza cunha lonxitude de case 1 Km. que ten un lago no seu interior; esta atópase entre Teixeira e Noceda, e tamen a cova de Xato cunha altura nalgunos sitios de 3 metros. Tamén ten a súa importancia a da Buraca da Graña aínda que ésta garda o triste recordo para os máis maiores, a ela tiráronse os corpos de persoas na represión vivida despois da Guerra Civil do ano 36 según nos contou algún veciño.

Son varios os restos arqueolóxicos que se poden atopar no seu territorio coma no resto do Caurel; moitas son as pegadas que deixaron por aquí outras culturas e civilizacións, castros, necrópolis, restos de explotacións auríferas, etc.

A capitalidade parroquial é Noceda e aquí atópase a igrexa, ubicada na parte alta do pobo. Cabe destacar desta igrexa o seu osario e en xeral a ubicación e a súa construción, así coma o Teixo milenario que se atopa a entrada do recinto que forma o conxunto igrexa e camposanto. A igrexa parroquial garda unha peculiaridade pouco común entre estas construcións, e esta é que a torre campanario atópase ubicada no lado do altar cando o usual é que a torre se ubique no lado oposto ó altar.

As construcións son case na totalidade en pedra caliza, o que da unha cor e forma moi vistosa.

No referente ó tempo de lecer non faltan nesta parroquia camiños e sendeiros que de un lado a outro nos permiten disfrutar desta impresionante paisaxe, camiños empedrados que manteñen a estrutura coma fai séculos cando por eles transitaban os romanos á procura da riqueza mineira que no seu adentro se agocha. É fácil facer unha destas rutas e atoparte cunha porca e as súas crías revolvendo na folla dos souts. É esta unha zona donde os porcos se pastorean, o que fai que os produtos que del se derivan teñan un sabor incomparable.

Podemos acceder a esta parroquia dende a estrada que comunica Seoane con Pedrafita, perfectamente indicada hacia Vilela e Teixeira ou ben no pueblo de Lousada en dirección a Noceda. Tamén hai acceso dende O Camiño de Santiago desviándonos no alto do Poio por



Vista de Noceda

Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA

6 HABITACIONES
SALON

APARTAMENTO 4 PLAZAS
COCINA

CASA COMPLETA
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

A Fiz Vergara Vilariño, poeta-muiñeiro da Lóuzara Xabreira

OS MUÍÑOS DE AUGA

Quixera sinalar que esta cativa aproximación arredor dos muíños céntrase na zona de Lóuzara e no resto do concello de Samos. Verán, quizabes, que os nomes das pezas do muíño igual son distintas ás do Courel. Por iso, agradeceríalles que para calquera curiosidade relacionada cos muíños, ben sexa nomes de pezas, cantigas, contos ou o que for, se poñan en contacto comigo a través de A Candea.

Non resulta doado para os investigadores, coma Begoña Bas, precisar cál é o momento concreto no que apareceron os primeiros muíños. Indicios da súa introducción hainos, pois a súa aparición suponse ligada ó cambio no sistema productivo, xa que o feito de moer gran supón a entrada de novas relacións sociais. Agora ben, os primeiros documentos nos que se mencionan os muíños datan dos séculos XI e XII.

En canto ós tipos de muíño, a profesora Begoña Bas^(*) fala de muíños de vento (típicos de Estaca de Bares), os que moían vidro ou casca de carballo, os de marés (que aproveitaban a subida das mareas nas zonas costeiras), os de aceite que aínda se conservan en Quiroga e, por último, os hidráulicos, que aproveitaban a auga dos ríos ou dos regatos.

Aquí, quitando os muíños de aceite que hai por Quiroga, os que máis predominan son os hidráulicos. Entre estes podemos diferenciar entre as *aceas* e os *muíños rellos*. A diferenza básica entre eles radica en que o *muíño relo* non tiña peneira e, polo tanto, só moía para o gado, xa que non separaba a fariña do farelo. Ademais, os rellos aparecían desperdigados por case tódolos regatos do concello xa que ó ter unha pedra máis pequena cá *acea* precisaban menos auga para movela. Sirva como exemplo a aldea de Santa Mariña de Lóuzara onde os máis vellos recordan once, e a saber os que habería nalgunha época. Foron estes, os *rellos*, os máis antigos dentro dos hidráulicos, en opinión de Begoña Bas. E ten a súa lóxica, pois eran os máis rudimentarios. A isto hai




Figura: 1-Arcaces, 2-Pá, 3-Maquía, 4-Rodo, 5-Farneiro, 6-Rodicio, 7-Burro, 8-Media Lúa, 9-Ferrado, 10-Peneira, 11-Carro

que engadirlle que na meirande parte das aldeas hai *rellos* e aínda se conservan moitos *cribos*, peneiras e *zarandas* cos que, hai varias décadas, aínda se separaba o farelo.

A vida das *aceas*, ou aceñas que é como se lle chama por aquí, vai ligada á actividade comercial xa que había que pagar polo servizo, ben fora en especie *maquías* ou en cartos. O dereito de maquía supuña cobrar unha parte por ferrado moído.

Nalgunha época o oficio de muiñeiro, que normalmente se facía compatible con outros traballos da casa, resultaba ser bastante rendible, se atendemos ós datos recollidos no Tumbo de Samos. Así, no ano 1752 unha *acea* de Sivil declarou uns rendementos anuais de 263 reás e 26 maravedís de vellón. Para facérmonos unha idea do que iso supuña, un ferrado de castañas daquela valía un real, un año ou un cocho cebado custaba 4 reás e un carro de leña da devesa 2 reás.

Pero das *aceas* non só vivían os muiñeiros pois tamén había algún ferreiro que ferraba os arricaxos que ían ó muíño. Tamén había, normalmente, algún cantineiro que vendía cuarteróns, cuartillos e outros produtos.




Turismo rural Casa de Hospedería Casa CALELLON

3 HABITACIONES CON BAÑO
COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO
PASEOS A CABALLO

Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409

Ademais da importancia económica que tiveron noutro tempo, hai que destacar que eran lugares de reunión e encontro entre as xentes de moi distintos lugares. Alí, ó son da rodicio, da moxega, da peneira e de tantos e tantos contos e parrafeos, porque os muiñeiros tiñan sona de mulleireiros, debeu nacer a muiñeira como sosteñen algúns investigadores. No tocante ós propietarios dicir que, normalmente, eran dunha soa persoa. Temos, sen embargo, constatado algún caso no que eran varios os propietarios. Así, en Bustofrío houbo un chamado o dos Tercios, porque pertencía a tres casas. Tamén se dá o caso de muíños comunitarios onde cada veciño tiña asignado un día á semana para moer.



(Figura: 1-Moxega, 2-Quelle, 3-Carro, 4-Pedras, 5-Peneira, 6-Palón, 7-Rodicio, 8-Fuso, 9-Peón, 10-Pechadoiro, 11-Chifra, 12-Depósito ou banzado)

Hoxe todo iso pasou ou está a pasar a formar parte da historia, do recordo dos maiores. Os profundos cambios socioeconómicos, emigración, desruralización en definitiva, condenan a este oficio milenar á práctica desaparición, se exceptuamos as *aceas* do Zapateiro de Renche ou a de Teiguín.

Sirvan pois estas liñas a modo de pequena homenaxe a todas aquelas xentes que, de algún xeito, participaron da cultura do muíño.

Como remate desta cativa aproximación ós muíños gustárame compartir algunhas das moitas cantigas populares que aínda se conservan no val de Lóuzara.

XULIO PEREZ PEREIRAS

(*) (1) BEGOÑABAS "a transformación dos produtos" en *Hércules de ediciones*, tXXII, páxs 249-340

(2) Planos dos muíños feitos por Eva Yusty Campo

A miña burriña
cando vai ó muíño
vai, vai enfariñada,
cheiña de frío,
cheiña de frío
e máis de xiada
vai, a miña burriña
vai toda cansada.

Pilar López Castro

Cando vou ó fiandeiro
non vou por fiar a roca,
vou por tocar o pandeiro
¡ai!, que esta noite a min me toca.
Eu sembrei e non collín
cebada nunha revolta,
vale máis un amor lexos
que vintecinco na porta.

Ana López



**CASA
CATUXO**

**COCINA NATURAL
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel

UN DÍA DE INVERNO NO CAUREL

O galo cantou... Acaba de amencer.
O ceo está despexado, unha mañanciña
algo afriaxada, hai que abrigarse,
itampouco será para
tanto...! Alguén pensa
isto cando está a mirar

pola ventá mentras unhas chemineas empezan a fumea de
forma feble, temblorosa, como temendo espantar a noite que
acaba de rematar. Unha ráfaga de vento sopra con forza e
agora o fume das chemineas é máis denso, competindo co
vento que arremete con forza coma se quixese demostrar que
el é máis forte.

Transcorreu un anaco. Cando a xente empeza a saír á
rúa afrontando cada un as súas ocupacións, a xiada empeza a
derreter, fundíndose baixo os raios do sol; cada un dos seus
cristaliños, tras descompoñer a luz nas sete cores do iris,
parpadea un intre e desaparece convertido nunha gota de
auga que esvara polas pulidas lousas do
teito arrastrando, limpando toda
impureza...

Xa é mediodía. Uns pastores
conducen o gando cara a montaña. O
vento volve soprar con forza, ruxindo nas
pólas das árbores espidas asemellando
a fala da natureza, reclamando ¿qué sei
eu...? Tal vez o seu dominio; a natureza
fala sempre anque poucos entenden a
súa fala...

Unha parella de esquíos xogan
cunha landra que ó final abandonan para
coller unha castaña. ¡Que fácil resulta a
vezes atopar a felicidade! O ceo empeza
a cubrirse de nubarróns á vez que se vai
afriaxando cada vez máis. Quizais chova
ou quizais neve. ¡Que molesto é o frío...!
exclama alguén ó meu carón mentres
está a acender unha fogueira que arde de
forma violenta, pero gracias a esa friaxe
podemos ve-lo alento da xente, dos animais, a súa alma, ata
os pensamentos...

Xa é tarde, o día vaise case sen sentido, mentras
escoitamos un ruído armonioso, mezcolanza das campañas
do gando que volta cara a corte, o ruxir das follas secas que
recubren o camiño e as fervezas dos montes.

Unhas gotiñas comezan a caer densamente e, preto

O CAUREL

Terra de ouro e de ferro.

Terra explotada por xentes estranxeiras.

Terra á que ningún lle puido arrebatarse a súa identidade.

da noite transfórmanse en folepas de neve. A
devesa da Rogueira aparece agora cuberta
dunha fina capa que coa súa
brancura resalta as formas
das árbores centena-
rias. Por un intre todo

queda calado, ata o vento, nunha actitude de profundo respecto.
A néboa empeza a descender tapando os cumes máis altos,
privándonos da súa visión coma se quixese facerse con toda a
beleza que quizais os humanos non merecemos.

Xa é noite a pesar da brancura da neve que agora chega
ata o río Lor e aporta un pouco de claridade. A esta hora alguén
abre a ventá para contemplar o remate dun día que inspira
reverencia, un día onde a natureza foi protagonista e a xente
convidada, porque a xente vaise e a natureza queda, como
quedan os pensamentos fóra, mentras ese alguén pecha a ventá,
acompañando á natureza da cal procedemos todos...



Antes de ir para a cama aínda moitos de nós diriximos
unha última ollada ós cumes do Caurel que agora aparecen
borrosos, difuminados, durmidos, agardando outro día de inverno
que algunha xente xa non poderá ver.

Xa é medianoite, o galo volveu cantar... e o Caurel, terra
única chea de fermosura ¿existirá sempre...?

OTELLO



Seoane del Caurel, Telf.: 982 43 31 06 (Lugo)

- Habitaciones con baño y calefacción
- La mejor comida típica de la zona:

- Grelos con castañas
- Entremeses de la casa
- Churrasco y cordero
- Tartas caseras

ruta de folgoso a froxan: por touzon, pendella, valdomir, campa, vilar e castro vilar.

CARTOGRAFIA:

Pódense utilizar os “Mapas topográficos nacionales de España” nº 156 II (FOLGOSO DO COUREL) e 156 IV (SALCEDO).

DURACIÓN:

De 3 a 4 horas, cóbrese unha distancia de 12,25 Km.

DESNIVEL:

A cota máxima está na carretera de Folgoso con 604 mts de altitude, a mínima na ponte do Vao a 375 mts.

DIFICULTADE:

Moi baixa, salvo o tramo entre Valdomir e a Campa que ten unha forte pendente en subida; e o tramo entre o Regueiro do Inferno e o carrozo da Armada que cando pasa polos Calangros convértese nun desfiladeiro estreito e discorre pendurado entre penedos que asoman riba do río Lor.

DETALLES DE INTERESE:

Na vila de Folgoso a súa igrexa parroquial, vistas da Serra do Caurel (Piapáxaro), da Serra da Trapa, Sudrios no val do Lóuzara, Eiriz, Vilamor,.....

Dende o “campo de tiro” (Traspando) podemos ollar o Canón do Lor dende o Taro Branco (Seoane) ata Xestoso (aldea de Quiroga).

Preto da Ponte de Sudrios xúntanse o río Lor e o Lóuzara.

No Touzón, Pendella, Valdomir e A Campa fermosos prados.

As capelas de S. Roque (Pendella), San Sebastián (A Campa), Santo Estebo (Froxán) e a ermida de S. Roque (Preto do Castro de Vilar).

As tremendas fouches do río Lor na Campa, Penido e o Castro de Vilar.

Afloramentos calíos con aciñeirais e covas (Pala da Moura), na desembocadura do rego das Lastras, en ambalas dúas marxes do Lor.

CASTROS: O Campo de Vilar; atópase entre o Carrozo



Sendeiristas na ermida de Vilar

da Armada e a aldea de Vilar á dereita do camiño preto dun pequeno poboado de cabanas e sequeiros.

O Castro de Vilar: despois de Vilar, a 700 metros, preto da ermida de San Roque, situado nun enorme espolón alongado e colgado a 200 mts sobre o río Lor é un dos máis espectaculares e mellor conservados de todo o Caurel. Dende a croa divísase completamente o Lor que discorre totalmente encaixado describindo unha ampla e profunda fouce ó redor da base do asentamento.

Merece destacar de sobremaneira a boa conservación de algúas aldeas como Vilar e sobre todo Froxán. Esta última coas rúas empedradas, as casas de pedra con barro avermellado e galerías de madeira pode ser o exemplo para restaurar outras aldeas no Caurel.

Tamén é abraiante de Froxán a súa vexetación mediterránea: lavandas, xaras, érbedos (madroños), loureiros, aciñeiras e sobreiras. Cultívase tamén algún limoeiro e oliveiras. As hortas e leiras están asentadas nun labirinto de chairas e muros onde os romanos sacaban ouro de minas en aluvión.



CLAUDIO MIGUEL
CARNICERÍA - CHARCUTERÍA

San Clodio - 22 de Julio, 25
Tfno.: 982 42 88 02

Soutos: Eiriz, Touzón, Pendella, Campa, Vilar e Froxán.

PERCORRIDO:

A vista da Igrexa de Vilamor está presente case todo o camiño, este discorre polo val do Lor no sentido da corrente do río. Os traxectos *Folgozo-Ponte de Traspando* e *Valdomir-Ponte do Vao* na marxe esquerda. *Ponte de Traspando-Valdomir* e *Ponte do Vao-Froxán* na marxe dereita.

De Folgozo ó Campo de Tiro (300 mts) camiñamos por estrada (Comarcal LU-651) en dirección Seoane.

No campo de tiro desvíamonos a esquerda por un camiño asfaltado primeiro (150 mts) e de terra despois que baixa dando voltas ata a Ponte de Traspando que cruza o Lor. Andamos 500 mts e atopamos a Ponte de Sudrios que cruza a río Lóuzara; 250 mts despois está o Touzón. Seguimos entre casas, case en paralelo ó río ata a Pendella (375 mts. Aprox.) Logo Valdomir.

Cruzamos a ponte de cemento de Valdomir, pasamos diante do Mesón Catuxo e dirixímonos ó camiño que pasa preto da Capela de San Sebastián. 30 mts despois da capela, cando remata o valado de madeira, deixamos o camiño e collemos á esquerda por unha canle de regadío na parte superior do primeiro prado.

Logo de 30 ou 40 metros deixamos a canle e collemos un sendeiro á dereita que sube empinado, cruzamos un souto onde apenas se nota a corredoira, pero xa vemos as casas da Campa, dirixímonos a elas. Entramos por unha calella esterita.

Na Campa buscamos o camiño que sae da parte

dereita da aldea e discorre paralelo ó río Lor. Rexeitar todos os desvíos que saen pola dereita. Despois de percorrer aproximadamente 1,6 kms atopamos unha forte pendente que remata nunha pista ancha, aquí collemos á dereita. Cruzamos o Regueiro do Inferno que baixa da aldea de Vidallón.

Cando remata a pista segue un camiño, hai unha casiña de pedra á dereita, logo un penedo panorámico e, segue un sendeiro estreito que baixa colgado nas rochas, fai unha volta e segue paralelo ó río, pero a moita altura (150 mts). Chegamos ó Carrozo da Armada, o sendeiro vólvese transformar en camiño de carro. Logo un poboado de casiñas de pedra, se nos fixamos a dereita do camiño está o Castro do Campo de Vilar.

Subimos e cruzamos Vilar buscando o camiño chan que nos leva a Ermita de S. Roque. Xusto antes da ermida está o desvío a esquerda que nos leva a Froxán.


O Castro de Vilar comenza na Ermita e exténdese por un espolón estreito e alongado que asoma riba do río. Podemos visitalo pero coidado non botar os pés fora da croa.

Volvemos ó desvío que nos leva a Froxán. Cruzamos un souto, logo é ucedo (brezal). Sempre o camiño máis pisado.

Cruzamos a Ponte do Vao. Abaixo pasa o Lor. Faltan só 1300 mts para chegar a Froxán. O camiño é moi ancho. Cando xa se ven algunhas casas de Froxán hai unha bifurcación, coller á esquerda.

BOA VIAXE!!!!!!!!!!!!

ORLANDO ALVAREZ ALVAREZ



E-mail: proconssarria@terra.es
Tfno. 982 532 636 - Fax: 982 534 097
Rúa do Peregrino, 29 baixo - 27600 Sarria LUGO

PROCONS



AQUELES TEMPOS DA ESCOLA

Eu tiven a dita de ver a luz no Caurel, esa bisbarra situada no sureste de Lugo, coma cada quen tivo a sorte de nacer no lugar que a deusa Fortuna lle dispuxo; o mesmo dá vir ó mundo nun sitio ou noutro, porque cada terra ten ese aroma peculiar que aspiramos no momento de nacer e queda ancorado para sempre no máis profundo do noso ser, é coma un cordón umbilical que nos mantén unidos coa terra nai.

Quizais ese primeiro alento que recibimos da terra ten en Galicia un algo especial, unha corda feita de morriña e saudade que turra de nosoutros cando estamos lonxe dela. Non o sei.

Non lles vou falar neste espazo da fermosura desa terra que me viu nacer, esa terra que engaiolou a Ánxel Fole; hai varios libros escritos que a describen moito mellor que o faría eu. Non lles falarei da devesa da Rogueira, unha das máis ricas de Europa en variedades autóctonas. Nin lles falarei da historia agachada entre as pedras escagalladas do castelo do Carbedo. Nin de itinerarios, cumes, ríos, soutos de castiñeiros, ferrerías, explotacións auríferas dos romanos; nin dos castros, nin das pontes e acueductos romanos... Nin dos albares espaxados polos montes. Tanta fermosura non se pode describir, son cousas que é preciso ver con todos os sentidos e deixarse inundar polo influxo da paisaxe que as integra.

Como deixo dito, nacín e pasei a infancia e primeira xuventude (ata os 15 anos) en Santa Eufemia, unha aldea das moitas de Caurel, coma calquera outro rapazolo daquela época, anos 50-60. Fun moitas veces coas vacas, fun apañar castañas, arrincar cozas, segar outono e centeo co fouciño, herba coa gadaña, arar co arado romano... E algunhas veces tamén iamos á escola con don Andrés, que era un mestre con moita sona, todos revoltos, nenos e nenas desde 5 ata 14 ou 15 anos, anque a escola só se enchía cando chovía a cántaros ou nevaba a copo tendido. O mestre ás veces soltaba a man, ou a regra, ou o punteiro, ou poñía a un de xeonllos cos brazos estendidos e un Quixote en cada man; se ben é certo que os lapotes case sempre os recibían os mesmos, aqueles que pagaban todas as trasnadas, quen quixera que as fixese.

Na escola era obrigado falar e ler e escribir en castelán, e tamén cando o mestre ía acompañado de alguén de fóra e

topabamos con eles tiñamos que dar as boas tardes en castelán, senón endoutro día había castigo. Tamén teimaba moito neso de falar o castelán cando viña o inspector. Así é que ós que nos tocou vivir aqueles tempos eramos galegos eivados (é un dicir), o galego era a saiva que zumegaba das nosas almas de nenos e o castelán era só o eco que resoaba entre as catro paredes da escola. Eu lin o primeiro libro en galego despois de saír de Galicia, pero nunca é tarde se...

O que máis boto de menos agora, cando vou a Caurel, é aquel barullo dos nenos. Aquela ringleira de pequenos camiño da escola, uns



Pintura de M^a Carmen Alvarez

cunha coza na man para a estufa, nenas cunha gaveliña de estelas e as pernas cheas de cabras; e nós facendo de machotes, tirando con elas riba da neve (se non tiñan un irmán maior). Todos contentos, postos de pé ata que entraba o mestre, que era cando todos a unha diciámos: “buenos días, ¿cómo descansó usted?” “Bien, gracias, respondía el, podéis sentaros”. E en canto o mestre dicía “vosotros, la tabla del dos, y vosotros, los ríos”, xa nos puñamos a cantar ó momento, moi ben acompañados, porque a táboa do dous era a que mellor sabíamos todos: “dos por una es doos, dos por dos cuatros, dos por tres...”... E os da outra banda que eran algo máis adiantados, aínda cantaban mellor, tiñan máis sentido do ritmo e da rima, eles cantaban así: “El Miño nace en Fuen Fuen, pasa por Lugo y Orén y desemboca en La Guar, entre



SANDRA CANCELA

C O C I N A S

RUA MANUEL MARIA 2-4 BAIXO TLF 982 203 985 e-mail:cancela cocinas@teleline.es

España y Portugal.

Nós sempre tivemos mestre, os do meu tempo, os de adiante ou aínda os que viñeron despois. ¡Que mala pata!, dicíamnos os rapaces, con certa envexa porque noutros pobos tiñan mestra, e nós pensabamos que sería moito máis doado aprender a táboa do oito, a do seis e a do nove, por exemplo, tendo diante unha daquelas mozasesculturais, coas pernas bentorneadiñas, o corpo xeitoso, con moitas curvas, os beizos repintados e a mirada caída de tanto pensarnos amores fuxidíos, as pobriñas.

E lembrades cando viña o inspector á escola, un señor engarabatado, con sombreiro, serio, arrogante... O mestre xa nos avisara o día anterior, "decirle a vuestras madres que mañana os pongan una camisa limpia y que os den un trapo para sonar los mocos, no os sonéis con la manga, lavaos la cara y quiero veros bien peinados. ¡Ah!, y que no oiga una sola palabra en gallego". Ese día mandábanos sentar estratexicamente, pero iso non valía de nada, o inspector sempre preguntaba a quen non debía, ou o que non debía. Unha vez chegou nun catro catro á porta da escola, todos nós caladiños, temerosos, de pé ata que el entrou e dixo: "Ya pueden sentarse." El quedou de pé, parolando co mestre e paseando a vista por enriba das nosas cabezas; de súpeto tende o brazo e apunta co dedo a Manolo Cachoeira. "Salvados", pensamos todos, porque o Cachoeira era o máis listo da clase, sabía de carreiriña todos os ríos que verten no mar e máis de corenta afluentes; ata sabía os nomes de todos os reis godos, que eran moitos e tiñan nomes estrambóticos. O Cachoeira posto de pé, saca peito, como dicindo pode preguntar o que queira... O mestre cun sorriso de orella a orella, o inspector deixa pasar o tempo, facéndose o importante, logo poñendo voz de Maruxo, di: "dime, guapo, ¿cómo te llamas?" "Manuel Cachoeira López, para servir a usted, a Dios y a España." "Muy bien. Muy bien. Puedes sentarte." E de seguido unha voz que non se sabía de onde saíu: "nós chamámoslle Capa Lagartos." O mestre e mailo inspector míranse un ó outro e o mestre di: "luego me encargaré yo de ese gracioso."

O inspector fai outro percorrido coa vista e vai dar no pobriño do Pepe Aira que naquel intre estaba furgando co dedo no nariz. "A ver, usted, ¿cuántos años tiene? O rapaciño posto de pé, medio enconicado, pensando na súa mala pata, había alí quen tiña dez ou doce, pero vaille preguntar a el; bo, colle aire e responde "nós tenemos dous años y unha añiña, pero la ovella pinta luego va parir." O mestre engurra o fociño, o inspector fai un aceno coa testa, estira o brazo con carraxe, e eu que estaba a rir polo baixo, vexo aquel dedo coma unha lanza apuntando cara a min. "A ver, usted, dígame los nombre de tres reyes visigodos". Trágame terra, eu conseguira aprender algúns daqueles nomes cunha estratexia que me ensinara o Cachoeira; el dixérame un día, "mira, para lembrar

os nomes de Eurico e de Alarico, ti pensas "Eu rico, Alá rico", el ata petaba no peito co puño cando dicía eso de "Eu, rico", xa entón calquera se podía decatar de que estaba predestinado a amasar fortuna.

Así é que eses dous nomes tiñaos perfectamente gravados na memoria, pero só eses dous: "Eurico, Alarico y..." O outro nome non aparecía en ningún recanto da miña cabeza, entón escoito unha voz tras de min "Ludovico". Salvado, penso, e ca mesma repito os tres: "Eurico, Alarico y Ludovico. "¿Ludo qué?", pregunta o inspector, que o de Ludovico non lle soaba de nada, ó parecer, anque penso que tampouco el sabía todos eses nomes. De súpeto lembrei o que dixera o mestre respecto do galego, e repito tan campante: "Yorico, Alarico y Ludobeso".

Fiquei abraído cando vin a ollada do mestre coma un trade aburacando os meus ollos.

O inspector de alí marchou a Folgoso, e logo sempre ía comer a Quiroga, invitado polo alcalde, quizais por lle facer a pelota. Seica




Pintura de M^a Carmen Alvarez

cando estaban sentados á mesa agardando polo xantar, na fonda do "Supapo", di o inspector: "Vengo enojado de la montaña, en Santa Eufemia un desastre, esos chicos necesitan mano dura (e iso debeu chegar a oídos do noso mestre, porque endoutro día uns cantos pasamos a mañá cos brazos en cruz e un Quixote en cada man). Y quiere saber, continúa o inspector, que en Folgoso le pregunto a un chico quién escribió el Quijote y me contesta, además en gallego: "Eu non fun, señor inspector."

E mirade por onde, aquí o alcalde de Quiroga portouse moi ben, coma unha persoa cabal que non se deixa asoballar. Díxolle: "Pois se o rapaz di que el no foi, pódeo crer, a xente da serra non é nada mentreira."

Pero o tipo aínda non foi conforme, cando ía subir ó catro catro para marchar, din que levou as mans á cabeza e exclamou: "¡Ay, Góngora, qué olvidado te tienen!"

VICENTE TOUZÓN (Vitoria-Gasteiz)



Hospedería Bar
FERREIRO



• **Habitaciones con baño**
• **Comidas de la zona**

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)

Achégate

O Caurel
Disfruta
Dun Mundo de Natureza



Por xentileza de Xosé e Angela de Vigo




CHIMENEAS

Hogar Confort

**CHIMENEAS FRANCESAS
RECUPERADORES DE CALOR
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.**

Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)


ARENAL

P E R F U M E R I A S

• Droguería • Parafarmacia • Dietética • Alimentación Infantil

ARENAL ES MAS BARATO

Calvo Sotelo 93-95
- SARRIA-

Rúa Cardenal 33
- MONFORTE-

Central: Polig. CEAO - Calle Industria, 94 - 27003 LUGO
Tfno.: 982 20 70 46 - Fax: 982 20 71 14

HISTORIAS DE FROXÁN

A nuestros lectores: esta publicación sale íntegramente en gallego, pero en esta ocasión estas líneas van en castellano, pertenecen a una carta enviada por Isabel Ramos, a una amiga de Lugo.

Isabel es hija de Domingo Ramos, vecino de Froxán que emigró a Buenos Aires, vive en Argentina es profesora de Biología, además de una excelente persona y una gran amiga.

Una fuente con agua pura que mi papá decía que era la más fresca y rica que había tomado, estaba en una gruta o era una cascada y el nombre es algo que quisiera averiguar.


Mi papá la tenía tan presente, que antes de morir, le pidió a mi mamá que fuera a esa fuente a traerle agua, mi mamá le dio de beber agua mineral y mi papá le dijo que ya estaba tranquilo, que había podido beber “esa” agua, que ya no tenía sed y que se sentía bien, al momento le dijo a mamá que tenía sueño y después entró en coma.

Nadie me quita de la cabeza que en ese momento mi papá estaba en Froxán, en el monte con las cabras, recorriendo esos caminos que vos me describís y que las fotos me permiten aproximarme. Contaba mi papá que todas las

tardes mi abuelo Lorenzo se reunía con los chicos en el pajar para rezar el rosario (completo) y las letanías a la Virgen, que junto a él tenía una vara larga para pegarle a los chicos cuando no se comportaban como correspondía y que siempre lo terminaba diciendo: “...un Padrenuestro, un Ave María y un Gloria por todos los Santos y Santas de la corte celestial de los cielos...”, una tarde en especial en que mi papá estaba particularmente aburrido, cuando mi abuelo finalizó la frase, mi papá por lo bajo le acota “... y en 200km a la redonda por si se escapó alguno...” y mi abuelo sin inmutarse, tomó la vara y zas, se la dio por la cabeza para que dejara de reírse. Nunca más hubo comentarios mientras se rezaba.

Estaba mi abuelo en el monte con las cabras y mi abuela Rosa había hecho un cocido para que mi papá le llevara, pero mi papá todavía no había comido y el olorcito era tan rico... que mi papá comenzó a sacar el tocino, el chorizo, las patatas, las castañas... Cuando llegó donde mi abuelo, empezó a llorar desconsoladamente y le cuenta que tropezó en el camino y que lo único que pudo recoger fue el “caldo”. No recibió sanción ni riñeron con él.

Tendría mi papá 9 o 10 años cuando tuvo que llevar a las cabras a pastar y mi abuela le preparó para que llevara pan, queso, chorizo y



Información e reserva:

www.granjadebarreiros.com

Granxa de Barreiros - SARRIA - Lugo

Teléfono: 982 533 656

Fax: 982 533 864



Granxa de Barreiros

20 hectáreas de terreo para disfrutar dun ocio alternativo, en plena natureza con aloxamento e nun ambiente familiar.

Curso 2001 - 2002

VACACIONES PARA RAPACES
Semana Santa do 23 ó 27 de marzo

FINS DE SEMANA PARA FAMILIARES
27 e 28 de abril. / 8 e 9 de xuño

COLONIAS DE VERÁN

Do 30 de xuño ó 12 de xullo.

Do 14 de xullo ó 26 de xullo.

Do 28 de xullo ó 9 de agosto.

Do 11 de agosto ó 23 de agosto




prazas limitadas

actividades educación ambiental ó longo das 4 estacións

natureza . sendeirismo .
agropecuarias . obradoiros
animación . etnografía galega



castañas. Mi papá se declaró en rebeldía y dijo que estaba cansado de comer siempre lo mismo, mi abuelo le dio un duro para que comprara miel cuando pasara “o meleiro”, contento salió mi papá con las cabras. Cuando regresó por la tarde, mi abuelo le preguntó si pasara “o meleiro” y mi papá le respondió que él esperó, esperó, esperó y como no pasaba y tenía mucha hambre se comió el pan, el queso, el chorizo y las castañas que había llevado, mi abuelo comenzó a reírse y le dijo que entonces había pasado “o meleiro”, porque “o meleiro” era el hambre. Me decís que te escriba que significa Froxán para mí y



te pregunto... ¿cómo se hace para volcar en palabras un sentimiento? Toda Galicia es parte de mí, de mi niñez, de mi papá contándonos parte de las cosas que te relato, de mis abuelos, de mi tía Generosa a quien dicen que me parezco bastante, de preguntarle a mi papá ¿qué gusto tienen las castañas?

O de pedirle a mi tía María que me mande un corderito, de contarme como trabajaban la tierra y cuidaban a los animales en el invierno, del pan casero, del queso, del vino. En casa

en Febrero se hacía el vino de la misma manera que lo hacía mi abuelo. Es esperar con ansiedad las cartas que enviaba mi tía y mi papá al regresar las leía en voz alta para que todos escuchásemos, de cómo había ido la cosecha o las novedades de las personas que para nosotros de ser nombres se transformaban en parientes o en historias, muchas veces acompañadas de lágrimas.

¿Qué es Froxán? Es amor, es familia, es esperanza, son raíces, son lágrimas, es futuro, son risas, alegrías, historias, es misterio e imaginación. Me veo pequeñita en la cama junto a papá y a Juan, uno de cada lado y mi papá contándonos sus recuerdos... Te das cuenta Froxán es parte mía y yo soy parte de él, aunque todavía no pude pisarlo, lo “visité” tantas veces, que creo que también yo formo parte del paisaje.

A.S.C.




fotoestudio
S.H.A.
Príncipe 45, 1º 36202 Vigo
Tf 986438858

M Celada
S Herrero



UXÍO NOVONEYRA



“Tralas pegadas do POETA DO COUREL Uxío Novoneyra”. 1º parte. (1930-1967)

Aínda que apoio o topónimo “Caurel” por aparecer “Caurelle” no Tumbo de Samos, ó ir tralas pegadas de Uxío Novoneyra, estou na obriga de escribir “Courel”, como lle gustaba ó “dicidor” de poesía. As campás das igrexas do Courel repenicaron con forza o día 19 de xaneiro de 1930, véspera de San Sebastián, data do nacemento de Uxío Novoneyra. Na (...) *Casa de pedra e cal vella*” Os eidos(...) casa grande de Parada ou casa da Fonte, na pequena aldea de Parada do Concello de Folgoso do Courel fixeron festa.

¡Lonxe quedan os anos da nenez e lonxe as brincadeiras de Uxío pola Rogueira!. Ó cumprir os 15 anos, o mozo vai a Lugo estudar o bacharelato. Nestas datas coñece ó poeta chairego Manuel María. A saudade, fai soña-la serra, e o rapaz caurelán verte soños nuns primixenios versos. No ano 49, o mozo marcha a Madrid, onde se matricula como oínte na Facultade de Filosofía e Letras. Segundo C. Branco e C. Rodríguez Fer, os primeiros poemas de Uxío: “**Pedazos**” e “**O discurso dos nomes**” foron publicados en castelán na revista

“*Bengala*”, e máis tarde recitados polo poeta do Courel no Teatro Lara. O xove frecuenta os cafés “Lion D'or” e o “Gijón” que, recen restaurado, colga do teito un móbil de Angel Ferrant. No “Lion” reúnense arista plásticos e escritores galegos entre os que se atopaba Xosé Ramón Fernández-Oxea- “Ben-Cho-Shey”, que aínda que traballaba en Toledo viña á tertulia do “Lion”. No ano 51, Ben-Cho-Shey foi nomeado representante da Editorial Galaxia en Madrid e anima a Uxío a escribir en galego. No “Gijón”, tralo mostrador está dona María e serve a “mesa dos galegos” o camareiro Pedro. Non falta a tertulia o escultor Cristino Gómez Glez. (Cristino Mallo), o crítico Castro Arines e os escritores Carlos Martínez Barbeito, Camilo José Cela, Eugenio Montes, Joaquín Calvo Sotelo e un longo etc. Comezan as andainas madrileñas dos pintores Xabier Pousa e Tino Grandío e o grande amigo de Uxío, Raimundo Patiño. O poeta do Courel regresa a Galicia para facer a mili, onde se atopa co seu compañeiro de estudos e irmán da poesía e do pensamento ideolóxico, Manuel María. Uxío fai a mili en Lugo, Coruña e Santiago, e é asiduo do Café Derby, punto de encontro dos galeguistas, entre os que destaca o inspirador do galeguismo da postguerra Ramón Piñeiro que explica ós mozos o “Significado da Saudade”, (...) “*Ramón de Lâncara en Compostela*(...)” dirá Uxío máis tarde...(Os Eidos). No 53 o pintor de Pontecesures, Carlos Maside, fai un debuxo a lapis do xove do Courel. A relación cos galeguistas fai mella en Uxío e comeza a versificar en galego, a lingua que falou dende neno. O S.E.U. recupera os certames literarios ou “Festas Minervais”, tradición do S. XVII. No ano 55, a revista Atlántida, publica no exemplar de (marzo-abril) “**A vinda da Primavera**” que asina: E. Novoneyra(sic). “*Brila a agoa nas beiras/Al calzas do cuco polas uceiras*(...) (sic). O 55 é un bo ano para Uxío, sae a rúa o seu primeiro poemario en galego que edita Galaxia, da que Maside e Ramón Piñeiro foron directores. Estamos a falar, do incommensurable libro “**Os Eidos**”, prologado polo propio Ramón Piñeiro con cuberta do pintor galeguista Ricardo García Suárez (Xoán Ledo) que daquela filosofaba sobre a peregrinaxe da pintura na revista Grial. Os poemas de Uxío están cheos de localismos que reflecten o peculiar léxico do Courel, cunha clara resonancia nasal, simbiose do galego da serra e do Bierzo. Uxío mostra nos **Eidos** un claro dominio da creación poética, semellante á primixenia lírica galego-portuguesa, personalísima exaltación do microcosmos



Hostal-Mezón
 O Mirador
 MIREILLE TOSONI

Teléf. 982 43 30 64 FOLGOSO DO CAUREL

como punto de partida da súa viaxe poética que, como Ulises soña o retorno á terra (...) -“*courel dos tesos cumes.../ Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*” (...)



Devesa da Rogueira

A inmensidade da natureza leva ó autor á reflexión metafísica: ¡Os eidos!, ¡o silencio da braña...!, a serena calma dos sotos, os texos... o canto das pincheiras o ruxir dos carrozos, a fonoestilística da poesía de Novoneyra “*os fonemas vibrantes que recolle o poeta...*” (...) dos que fala Claudio Rodríguez Fer, no libro “Poesía galega”. En Marzo do 56, dende Bos Aires, en “Libros Novos” de “A Nosa Terra”, Bernaldo Soto fai unha longa referencia “Os Eidos de Novoneyra”(sic) da que extractamos: (sic) “*O poeta Novoneyra é un dos valores positivos das derradeiras xeracións literarias de Galicia...*” Deica agora leva publicado un par de libros poéticos, o segundo “*Os Eidos*” o-outro, composto en castelán, non queremos lembrarnos. Ten inéditas ademais dúas obras xa coñecidas por algúns amigos: “*O libro das cantigas*” i-a peza de teatro “*A noite é máis que unha pechada escuridade*”(…). O diario compostelán “La Noche” é nexo de xoves galeguistas, os poemas telúricos de Uxío enxalzan a serra lucense. No ano 56 López Nogueira consegue galeguizar as Festas Minervais e en febreiro do ano 57, don Ramón Otero Pedrayo escribe: (...) “*Primerio vai Novoneyra. Il co libro “Os Eidos”* (...)”. O canto da serra recolle nas páxinas brancas da neve fervenzas de versos.

“**Dous poetas na serra. Uxío Novoneyra e María Mariño**”: Houbo un tempo que se cuestionou a existencia de María Mariño, chegaron a pensar que era unha invención de Uxío, pero certo é que **María Mariño** “*a dinamiteira da fala*”, como a chamaba Uxío, vivía agachada na serra do Courel. Os poemas de María Mariño

son coma sendeiros que percorren a alma, coa lenta inmensidade do paso do tempo na serra(...) “*cantos outonos e longos invernos*”(…) A pleuresia retivo a Uxío máis de dez anos en Galicia, o regreso a Madrid no 62 está cheo de vivencias, o poeta participa intensamente na vida intelectual madrileña, traballa con paixón na radio e na televisión en programas como “Poesía e imaxe”, “Poesía en Compostela” e “Versos a media noite”. Novoneyra é un dos asiduos ó estudio de Reimundo Patiño onde se reúne o grupo “Brais Pinto”: Cribreiro, Fde Ferreiro, Ramón Lourenzo, X.L. Méndez Ferrín, Bernardino Graña e o propio Patiño, grupo que mási tarde editará poemas de Uxío. Daquela frecuenta o “Gijón” o poeta maldito Cartlos Oroza e mailo pintor Tino Grandío, do que escribirá Novoneyra: (...) *Gris-Grandío “Nun chover por siglos* (...) Os Eidos. Tempos de creación baixo a lousa do réxime: “*Aquella tertulia era como el rompecabezas de España*”(…) escribe Umbral en “La noche que llegué al Café Gijón”.

No ano 63 María Mariño coa axuda de Uxío-, saca á luz na editorial Celta “**Palabra no tempo**”: - *¡Son aquela! ¡Son aquela que no bosco/ escuitaba o himno dela!*, poemas que berran os silencios da serra, onde moitas preguntas non obteñen resposta. No ano 66, édítase unha nova obra de Uxío en edición bilingüe: “**Elegías del Caurel y otros poemas**”. (Ed. Rialp, col. Adonais, Madrid).- “*Ondas de saudade o Laio de Novoneyra*” (...) Na primeira parte, o libro recolle a produción de Uxío do 53 ó 57, as “Elexías de Madrid” falan do ano 62 ó 65, na 2ª parte do libro engádense outros poemas. Novoneyra volve ó Courel, onde **María Mariño** versicula na súa peculiar rima libre novos poemas que emerxen da brétima do tempo, nun voo persoal e solitario que sairá á luz despois do seu pasamento



Parada de Moreda, berce de Novoneyra

TAXI Y
SUPERMERCADO

ALEJANDRO

FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)
Tfno. 982 43 30 87

Y PANADERIA
CASA PUENTES

Francisco Javier Castro Fernández

C/ Carreira, 1
FOLGOSO DO CAUREL
27325 (Lugo)

Teléf. 982 43 30 87 - 982 43 30 36
Móvil 608 98 70 82

baixo o título: “**Verba que comeza**”. Algúns estudiosos das obras de María e Uxío ven influencia de Uxío nos versos de María e viceversa, a amizade entre poetas marca, pero neste caso nos poemas de María suxace un trasfondo personalísimo envolto na soedade da serra e os de Uxío, reflicten a impronta minimalista, onde se conxuga o respecto á natureza e o existencialismo. De esta época é o poema “**Poesía a tres voces**”, composto conxuntamente por Uxío Novoneyra, María Mariño e Ramón Regueira Vázquez, amigo e contertullo das tardes caurelás. O

propio Ramón Regueiro escribe para a revista “A Candeia”: -No nº 46 da revista “A trave de ouro” publicación galega de pensamento crítico que dirixe o prestixioso escritor Xosé Luis Méndez Ferrín, reproducése un poema colectivo composto o 26 de Santos de 1966 por Uxío Novoneyra, María Mariño e eu mesmo que coído ben merece ser publicado na revista “A Candeia”, pola relación que os tres autores teñen co Caurel”.

“Poema a tres voces”(*) (Uxío Novoneyra, María Mariño e Ramón Regueira)

NOVO **ZOA A TERRA SOMBRA BRANCA PECHA DE FIUS PINGANDO CEO.**

MARIÑO **A nebra hoxe raxouna que non sei de mín.**

MONCHO **Non é certo que ollamos noites e días
pois o tempo para inorde pola vida.
¡Eu soio baixo este ceo inmenso!**

NOVO **Misterio que só de fora se escuita
achega o centro en punta
primeira semente guindada para se perder.**

MARIÑO **Os ben contados
traen a cruz a costas que ningún deixa.**

MONCHO **As ondas tornan do país dos sonos
có segredo dos fondos boscos.**

NOVO **Centro puro tralo dor de fronteira caín para
outra banda e dein nil.**

MARIÑO **“Amen” digo a todo o longo das cousas
que traen o tempo xordo que non dí.**

MONCHO **Un pulo do cor voltando polo seu xeito
de dono das arelanzas.**

NOVO **Déixame enredar
meter baleiro nos petos.**

MARIÑO *Sei quen dixo que era noite porque a lúa alumaba
lúa sempre hai
o que falla é luz que non se apaga naos dela.*

MONCHO **Ibamos paseniñamente polas conghostas
aprendendo a linguaxe de vento.**

NOVO **Preme pusame aquí
onde se abra camiño en escada para chegar.**

MARIÑO **Reina a terra nun xordomudo
en canto lle eña a fala
fuxiremos todos por saber contestar.**

MONCHO **Deixa que o día nos traia soles e aromas,
que as verbas non se corten,
que a lus non se apague
o camiñar.**

NOVO **Xa podo deixalos ollos niste intre
rubido en calquer cousa chégoche.**

MARIÑO **Despertei nun futuro que xa en vivira
ó atopalo vivo
morrín na noite que xa dormía dela far feito.**

MONCHO **Serán de outono, coor gris de soedade
que un sinte, palpa e sabe.**

RAMÓN REGUEIRA VÁZQUEZ. Pontedeume, Decembro de 2001


(*) Este é un poema colectivo que compuxeron na Casa Grande de Parada do Caurel, o 26 de Santo de 1966, Uxío Novoneyra (Novo), María Mariño (Mariño) e Ramón Regueira (Moncho). Foi escrito polo procedemento de dobrar o papel sen ler un do outro. Este xogo literario pode contribuír ao mellor coñecemento da obra dos poetas participantes. (N da R).

O xogo literario segue o dictado do pensamento, diverxe do automatismo dos surrealistas nos que calquera escrito expresaba o dictado da sen razón. Neste caso o trío de poetas cumpre a aspiración de Lautréamont: “*A poesía debe ser feita por todos*”. Os xogos estimularon a creación, pero foron truncados polo pasamento de María Mariño no ano 67. A partir desta


data a poesía de Uxío dá un xiro, sen deixar de mira-la serra, o poeta volve a mirada ó mundo e mergúllase na loita socio-política.

**Mercedes Vázquez Saavedra. 19 de xaneiro de 2001,
un día como hoxe naceu Uxío Novoneyra.**
(Continuará.... no próximo número).

RESTAURANTE-HOSPEDAXE



NOVO



HABITACIONES E COMIDAS CASEIRAS

FOLGOSO DO CAUREL(LUGO)
TFNO 982 433 007

DE CÓMO CHEGAR O CAUREL POR UN LARGO CAMIÑO

O meu coñecemento do Caurel non excedía o citar as diferentes serras da nosa rexión durante, para min naquel entón, aburridísimas clases de xeografía; cando un bo amigo de San Sebastián (Donosti) que diría el, auténtico apaixonado á pesca, cóntame como un carniceiro de Monforte adéntrao nunha serra cunhas paisaxes fermosas de grandes e frondosos soutos de castiñeiros, con profundos vales polos que discorrían regatos e ríos de augas cristalinas, nos que se podía beber sen medo a calquera tipo de contaminación, e o máis importante para el, poboadas por unhas abundantes *troitas fario*, bravísimas, coas que se podía encher a cesta xornada tras xornada. Como realmente a miña afección non era a pesca seno a caza este amigo tróuxome noticias da abundancia de esta, dicindo a cantidade de coellos, perdices, lebres, corzos e xabarís; pero a mín parecía imposible un paraíso tan achegado, e ó oír as súas palabras lembraba a descrición de Miguel Delibes na súa novela *Diario dun Cazador*, cando narraba no seu leito de morte, o bo de Juanón como era o paraíso para un cazador, pois ben, despois de moito insistir e de ver nun mapa de estradas, decidimos unha tarde, xusto despois de comer, poñernos a coñecer o camiño e poder regresar para durmir na casa esa mesma tarde.

A nosa ruta foi a estrada nacional Vigo-Ourense desviándonos pola rexional Ourense Ponferrada. Despois de pasar Monforte chegamos a Labrada do Lor; subimos cara a montaña..., por unha estrada sen pavimentar chea de lama e cun aspecto de poder esvarar en calquer intre e caer ó piñeiral que a circundaba; despois de arrastrar os baixos do coche pola lama chegamos a unha curva moi cerrada na que tivemos que facer manobra para poder trazala, esta foi a primeira dunha serie de dez nas mesmas condicións, e ademais con gran cantidade de pedras soltas, co perigo de romper o cárter do coche ou o rebentón dunha roda. Todo un pesadelo durante a baixada. Á nosa esquerda quedaba o pobo de Castro de Portela, continuamos descendendo para atravesar por unha ponte sobre o río dos sonos do noso amigo Cefe, o de San Sebastián, soamente nos faltaba a subida final para alcanzar o noso destino, FROXAN.

No tronco dun vello castiñeiro, situado á esquerda do camiño, estaba cravado un cartel de porcelana azul coas letras en branco, o cartel anunciador do tan ansiado Froxán. A entrada naquel entón facíase pola parte, entre as hortas, con plantacións de nabos, verduras e algunhas cepas, este camiño introducíase por entre as casas deixándonos na *carreira*, onde aparcámo-lo coche



O Pontón do Xuíz

para dirixirnos a casa de Pilar e Evaristo quen nos saúda ponendo a súa casa a nosa disposición e explicándonos que a súa familia denominábase “Casa da Torre”. Despois a presentación da súa filla Ciana e seus fillos Evaristo e o máis pequeno Servando, e nos comentaron que tiñan outra filla maior, casada e vivindo en Barcelona. Despois de esta detallada presentación regresamos a Vigo xa de noite.

Pasadas unhas semanas regresamos a Froxán, esta vez coa idea de pasar o fin de semana e coñecer mellor o pobo e os seus veciños. Esa mesma noite tivemos a gran sorte de que se reunía “o Concello” na casa dos nosos anfitrións, isto daríanos a oportunidade de coñecer a tódolos moradores da aldea. Xa se estaba poñendo o sol cando fixeron soar unha caracola para convocar a reunión do concello, e o pouco tempo comezaron a aparecer os representantes de cada casa, e nalgúns casos acompañados

 **MORENO** 

No antigo obradoiro do pintor **Avari**. **MORENO** invita a viño doce a tódolos amantes do **CAUREL**, non fai falla máis que acreditálo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-CUSTO, TOMMY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 **Sarria** (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

das súas esposas e fillos, e noutros casos eran as señoras quen representaban a súa propia casa. A xente sentábase arredor do lume encendido no chan e que lle chamaban “cociña vella” e alí a conversación empezou a animarse. Sorprendeume a miña dificultade para entender, pois a pesares de ser galego, non estaba acostumado ó acento e moitas das palabras non as coñecía resultándome difícil incluso deducilas polo contido da frase. Lembro que falouse de repara-lo muíño, das quendas para saír co rabaño das cabras, pois a cada casa correspondíalle un determinado número de días segundo as cabezas de gando que tivera. A xente preguntaba quen eramos, o que



Val do Lor

respondíamos co noso nome e de onde eramos, nese intre bautizáronnos como os de Vigo perdurando no tempo por enriba dos nosos nomes. A noite rematou cunhas partidas de *brisca* entre uns auténticos tahúres que lembraban cada unha das cartas que saíran non só nesa partida se non en cada unha das anteriores, e inclusive en anteriores confrontacións. Entre vasos de viño, discusións e algún golpe enriba da mesa de xogo, pasou a noite, retirándonos a durmir tanto nos coma a moita xente alí presente.

Á mañá seguinte espertounos o burro dende o piso inferior que compartía cama e pesebre con Cachorra, Cereixa e Parda, as vacas que a familia tiña, elas non trasnoitaran polo que o seu espertar non coincidía co noso desexo de seguir durmindo; pouco despois levantámonos e ó saír da habitación aínda en pixama en dirección ó cuarto de aseo fomos parados polo noso anfitrión ofrecéndonos augardente e galletas, recibimos aquilo con gran asombro pero cheos de agradecemento pois o frío era realmente importante e esto axudounos a entrar en calor.

Despois de asearnos e vestírnos pasamos a cociña vella onde nos esperaba o *chicho*, unhas brasas acendidas e unha pequena mesa con panceta, pan, viño e chourizos, ¡que manxar! pinchando o chicho nun garabullo e arrimandoo as brasas para logo tragar aquela sobredoses de colesterol, ¡qué ben senta, Deus!. “Vamos a almorzar” foron as seguintes verbas que se oíron. ¿Qué?, si café con leite, galletas, queixo de tetilla feito por Pilar, mel ¿e entón?, ¿qué era o anterior?. Non entendía nada pero tampouco preguntei creio que a miña cara reflexaba o asombro da alma. Si me gardan o segredo direilles que a panceta dos porcos cebados con castañas é a máis doce e saborosa que xamais puidera probar.

Mentres estábamos entretidos nestes mesteres soou dende a porta o caracol para soltar as cabras, e en cuestión de poucos minutos o silencio da mañá, a penas roto polos ladridos dalgún can e o cantar das cochordas, converteuse nunha algarabía de pisadas, berrar das cabras e voces avisando os veciños para que soltaran as súas reses de présa.

O noso anfitrión, Evaristo, que ademais de anos e experiencia vividas é un gran narrador e de fácil coloquio, contábanos anécdotas da súa vida e historias acontecidas os seu convecinos. Mentres bebiamos un vaso de viño e el liaba un cigarro, falábanos de historias, amores, pelexas e disputas e aínda, ó día de hoxe, segue regalando os nosos oídos as súas entretidas narracións e dentando a *luna verde*, pero agora xa non lía aqueles cigarros de picadura.

A comida foi outra agradable sorpresa; os sabores eiquí teñen unha intensidade diferente, cocidos feitos na cociña de leña e a auga sen cloro, patacas, acelgas, nabizas, castañas, e o rei: o porco; creio que a cuestión gastronómica merece un capítulo aparte e deixarei para outra ocasión as receitas e compoñentes culinarios.

Esta primeira fin de semana soúpome a pouco, pero, como todo o bo acábase pronto, tivemos a gran sorte de pasar moitos máis fins de semana ó largo dos últimos vintecatro anos, e unha cousa moi importante é a compañía na que se comparten estes lugares especiais e en eso creio que tivemos, miña muller e máis eu, a gran sorte de contar coa amizade, e xenerosidade dos nosos amigos: Pilar, Evaristo, seus fillos e os fillos de estes que nos souperon transmitir o coñecemento suficiente de estas montañas como para poder sentilas do mesmo xeito que eles; Gracias amigos da Casa da Torre.

JOSE MANUEL LAGO DÍAZ (Vigo)



Rúa Quiroga de Arxentina, 12-Bajo Izq.
27.320 Quiroga (Lugo)

Teléfono: 982 42 87 65

Móvil: 659 78 14 10

Fax: 982 42 87 65

E-mail: metrovial@yahoo.es

QUE POBRIÑA MIÑA TERRA

Estou chorando por fora
e por dentro estou morrendo
por aqueles catro fillos

que se marcharon tan lexos.
É tan pobriña esta terra
que non foi capaz de mantelos
e tiveron que emigrar

por ese mundo perdidos.
Son igual cos paxariños,

voaron cando puderon.
Eu quedei tan triste e sola,
como ninada no inverno,
igual que un gorrión
que andaba buscando abrigo
e o non ter follas o teito

fórono voando pro río.

Arrastradas polo vento,
como se foron os fillos,
e con iles emigraron
pensamentos e suspiros;
donde estaran meus pobriños,

canto daría por velos.
Que pobriña esta terra
que non pudo cubillar
os fillos que van medrando

e buscando outro lugar.
Non queda un sitio no mundo,
ou tal vez no universo
donde non fiquen os restos
dos emigrantes galegos
que despois de moitos anos
vanse marchitando co tempo ;
quedáronse en terra extraña,

pobriños nunca volveron.
Dedico esta poesía
os emigrantes galegos.
Aquele nai que sempre espera
dos seus fillos o regreso,
pero a alma do emigrante

non ten distancia nin tempo.
E volveron co orballo,
esbarando polo teito
e descansarán en paz
na terra onde naceron.

M^a JESÚS RODRÍGUEZ SANCHEZ
Emigrante en Venezuela.

¿ONDE VAN AQUELES TEMPOS, CAUREL?

¿Lembras aqueles tempos, Caurel?
dos que a túa xente tanto fala
e que seguramente non han de
volver.

Perdéronse, si, perdéronse;
E a súa ledicia tamén se perdeu
e a súa ledicia tamén se perdeu
aínda que eu non os acordei
fermosos deberon ser.

Todo o bo remata
máis ti non rematas, non
por que ti estás moi vivo
no corazón de todos nós

Caurel ¿qué foi das túas tradicións?

¿Por qué se perderon? ¿Por qué
foi?
¿Qué queda hoxa daquelas cantigas
e daquelas lendas que falaban de
amor?

¿Por qué se foron aqueles felices
anos,
aquel fermoso e doce tempo?
Nós vémolos tan lexos
e ti Caurel, sintelo tan preto.

Que ledicia debía ser
ver os teus pobos cheos de
rapaces
que daban vida á aldea
e enchían de ledicia os lares

Que silencio en cambio agora;
ique triste amencer!, ique triste
aurora!
ver aquela aldea onde fun nada
onde pasei as mellores horas
e hoxe triste, sola e abandonada.

Pero tu tes forzas,
tu, valiente Caurel;
que só tu eres
azúcar e mel

NATALIA TABOADA TOZÓN
Mazo de Santigoso



CAIXA RURAL DE LUGO

Oficina Folgoso do Caurel

FIESTRA MUSICAL DAS TERRAS DO OURO

Como xa é abondosamente coñecido, a denominación Caurel empezouse a difundir a raíz da romanización destas altas terras. En case tódolos lados destas ladeiras das montañas atopamos vocablos relativos á explotación do Ouro. Poñamos algúns exemplos: Turubio (Ladeira de monte entre Mostad e Millares), o río Lor, Lóuzara, río Oribio...

Lóxicamente non é o noso propósito facer ningún estudio etimolóxico do nome que nos ocupa, sen embargo, sirva de pequena introducción a esta fiesta que abrimos neste número 6 da Candeia.

A vida musical do Caurel foi moi importante uns cantos anos atrás. Hoxe o noso traballo céntrase na recolleita do que queda na memoria das nosas xentes. Despois da saída á luz dos volumes I e II de Músicas do Caurel, cos seus respectivos CDs, aparte do Traballo discográfico en homenaxe aos Padernes, presentado no pasado Filandón; actualmente estamos a traballar no volume III, o que ampliamos ás terras que tamén as podemos incluír nise gran imperio das "Terras Outas", é dicir, o Cebreiro, Lóuzara e Oencia. Aínda que no vindeiro Filandón non sexa posible a presentación do mesmo, desexamos informar da boa marcha dos traballos, así como facer a chamada a aquelas persoas que poden saber algún cantar ou de alguén que o sepa se poña en contacto con nós.

O que esperamos ter para o vindeiro filandón, a primeiros de Agosto de 2002 é o CD da Banda de Gaitas do Caurel, no que recolleremos os temas máis destacados desta agrupación, que, por suposto aparecen en música nas publicacións citadas.

Próximas actuacións da Banda de Gaitas do Caurel:



Actuación Banda en Viveiro (23 - XII - 01)

- XVIII FESTIVAL DE MUSICA GALEGA EN BARCELONA (23-02-2002) Palacio de Congresos de Montjuich. Organiza: Escola de Gaitas e Danzas "Toxox e Xestas".

- 2ª FASE XII LIGA GALEGA DE BANDAS DE GAITAS (Viana do Bolo, Ourense, 24-03-2002)

- FASE FINAL XII LIGA GALEGA DE BANDAS DE GAITAS (Valladolid, 23-06-2002)

Este cantar inédito formará parte das melodías que se presentarán na próxima publicación de Músicas do Caurel; foi recollido de José María Raposo, membro dos Padernes, actualmente residente en Madrid.

X. L. FOXO

AS MOCIÑAS DE CAUREL

As mociñas de Caurel
sonche muitas e bonitas
todas se marchan afora
todas se marchan afora
por non garda-las vaquiñas.

Unhas marcharon a Francia
outras están por Suiza
por moi ben que eili se
encontren
por moi ben que eili se
encontren
non se olvidan de Galicia.

¡Ai la la la la la la
la la la la la la
la la la la la la! (bis).


Pasan os anos,
pasan os días
pero xa volven
a súa terriña.

Traballaron moito
e pasaron fame
e así xuntaron
unhas perriñas.

¡Ai la la la la la la
la la la la la la
la la la la la la! (bis).

Xa de están na súa casa
e de veras contentiñas
xa non lles importa nada
xa non lles importa nada
volver garda-las vaquiñas.

Os prados están moi verdes
i a auga nai po-las presas
andache pacendo as vacas
andache pacendo as vacas
i elas facendo unhas medias.



**Serigráfica
ARGENTINA**

**IMPRESIÓN SOBRE TODO
TIPO DE MATETIAL**

C./ Flor de Malva, 21
Tel. y Fax - 982 20 21 93
Garabolos - Lugo

AS MOCIÑAS DE CAUREL

Recollida de José M^a dos Padernes

♩. = 76

As mo ci ñas de Cau re _____ el _____ son che mui

tas e bo ni ta a a a as _____ to das se marchan a fo ra to das

se marchan a fo ra _____ por non gar da las va qui ñas _____

Ai la la la la la la la la la la la la la la la la la ai la la la la la

♩. = 112

la la la la la la la la la la la la pa san os a nos pa san os

di as pen sando en vol ver a sua te rri ña _____ tra ba lla ron moi to

e pa sa ron fa me ia si xun ta ron un has pe rri ña as

♩. = 63

ai la la la la la la la la la la la la la la la la la ai la la la la la

la la la la la la la la la la la la la la la la la la

D.C. CODA
ata c CODA



E-mail: CASABONIFACIO@TERRA.ES

CASA RURAL BONIFACIO

6 Habitacións con baño - Cociña tradicional
Fermosas paisaxes da Montaña do Lor
Vilar de Lor, Quiroga -Lugo Tlf. 982-185449

COUSAS QUE ACONTECERON

DEMOSTRACIÓN DA PISA E DEGUSTACIÓN DA CASTAÑA SECA.

O pasado 8 de Decembro chegábase á IIIª edición da Festa-demostración e degustación da Castaña seca do Caurel. Un ano máis o colectivo FONTE do MILAGRO puxemos o empeño para que este acontecemento sirva para recuperar e mostrar as actividades que hasta fai uns anos eran cotiás na zona e, o mesmo tempo, poder degustar as exquisiteces dos produtos que, de xeito natural, neste Concello se cultivan. Está esta festa-demostración a coller sona e nesta IIIª edición moitas foron as persoas que hasta Froxán se achegaron para contemplar e colaborar nesta peculiar labor que, ó mesmo tempo, estaba a ser retransmitida en directo pola Televisión de Galicia, e que en moitos fogares da nosa xeografía, e máis alo das nosas fronteiras, poideron seguir. Deuse boa conta dos pratos e postres que poideron degustarse: Empanada de acelgas, castañas secas cocidas, carne de porco, chourizo e postre de castañas, polbo. etc que serviron para satisfacer o paladar dos máis esixentes.



UNHA NOVA ASOCIACIÓN NACE NO CAUREL

Recientemente creouse unha nova Asociación de carácter cultural no Caurel, foron as veciñas de Folgoso e decimos veciñas porque son, senon na súa totalidade, na maioría, quen puxeron en marcha este proxecto que a bon seguro será unha realidade. Preside este colectivo Rosa Mari Potau Arza, e no pouco tempo que ten de vida esta Asociación xa organizaron: a cantata de reis e o concurso de disfraces de carnaval; e outras actividades que teñen programadas para este ano.




BAILE ENRIBA DOS TOXOS EN VILAMOR

É o segundo ano que en Vilamor celebran o seu patrono polas datas propias; e, unha vez máis, o acto estrela dos festexos foi o concurso de baile por parellas enriba dos toxos; varias foron as persoas que se atreveron a demostras-las dotes de bailaríns, pero coa peculiaridade de facelo enriba dun estrado de toxos. Non é usual que o suelo donde se baile teña estas características, pero ata fai uns anos, cando San Vicente se celebraba nestas datas, os veciños de Vilamor e as xentes que a se achegaban a festa, así o tiñan que facer se non querían mollar os pés.

Non faltou nesta festa o apartado gastronómico, e o longo da xornada púdose degustar unha pancetada.

VOOLVE O CARNAVAL

Parece que o antroído, pouco a pouco, volve ó Caurel. O Domingo volveron a verse as comparsas, e moitas foron as persoas que se animaron a amosar a cara alegre de Don Carnal. Máscaras de tódolos xeitos e feiturais, disfraces do máis orixinal e comparsas facendo parodia de acontecementos reais ambientaron unha fermosa tarde facendo un pasarruas por Folgoso para logo, boa parte dos participantes, dirixirxe a Seoane e ali seguir a tarde de troula. A Asociación A Coroa premiou os mellores disfraces e comparsas, otorgando o primeiro premio á comparsa que dende Lóuzara se acercou para animar e participar no Carnaval do Caurel.



CALQUERA TEMPO E BO PARA CAMIÑAR POLOS SENDEIROS DA SERRA

Non impide o tempo, que normalmente soe ser desapacible no inverno, ver grupos de sendeiristas percorrendo e admirando a beleza que nesta Serra se agocha. O grupo que se ve na foto adicou unha fin de semana do mes de novembro a coñecer mellor as paraxes e sendeiros da zona; estos sendeiristas, membros do Grupo Cabalar de As Pontes (A Coruña), fixeron, na primeira xornada, a ruta que leva dende a Ferrería de Seoane a Mercurín, Castro da Torre, Sobredo e Ferreirós de Abaixo ó que adicaron a xornada enteira. O seguinte día percorreron a Ruta entre Froxán, Vilar e a Ponte de Valdomir, este último tramo acondicionado o verán pasado polos membros da Asociación "Fonte do Milagro" e que dende aquela está a ser transitado por moitos amantes do sano deporte de camiñar.



euro lack
fábrica de pinturas

pinturas **RICARDO**

RICARDO VARELA VARELA
DELEGADO DE VENTAS

Mª TERESA CASTRO ÁLVAREZ
VENTAS

C/. Manuel María, portal 1 - baixo A
Tfno. y Fax 982 212 209
Particular 982 245 248
27003 LUGO

REUNIÓN DA ASOCIACIÓN

O día 2 de Febreiro, boa parte dos membros da Asociación reuníronse para celebrar a Asemblea Xeral Ordinaria, e como punto de interese tratouse confeccionar o calendario de actividades de cara ó presente ano, e acordouse como datas fixas, as seguintes celebracións:

I Mostra de Aserrado de tabla con Serra de Aire e Portuguesa, o día 18 de Maio en Ferreirós de Abaixo, coincidindo con esta festa farase unha exposición de traballos feitos en madeira e aparellos para traballala.

Descenso en Carrilana coincidindo ca festa do Corpus en Vilamor, a data non está fixada pero prevéese o primeiro ou segundo fin de semana de Xuño.

IV Edición do Magosto de Agosto, estableceuse para

esta celebración o Día 17 de Agosto no lugar de Froxán IV Festa da Piza e Degustación da Castaña Seca do Caurel a celebrar en Froxán o día 7 de Decembro.

OUTRAS ACTIVIDADES.

Certamen de Pintura, 22 de xuño de 2002.

Limpeza, acondicionamentee sinalización de sendeiros

Organización de rutas guiadas por membros da

Asociación sin datas fixas, pero que se darán a coñecer con antelación a través dos medios de comunicación e outros.

Charlas e Conferencias. Etc.

Rematada a Reunión os case 50 membros da Asociación acudiron o Restaurante Novo de Folgoso a degustar un cocido, prato do máis típico nestas datas.

FAITE SOCIO COLABORADOR

Si desexas formar parte da Asociación, participar nas súas actividades, colaborar nos proxectos deste colectivo, a defensa do patrimonio cultural, paisaxístico, etnográfico, etc. do Caurel. recorta ou fotocopia o seguinte recadro e envíaao a:

Asociación "FONTE do MILAGRO"
Froxán s/n 27325 O CAUREL - Lugo



LIMPEZA DE SENDEIROS

Despois dun descanso invernal, de novo os membros de "FONTE do MILAGRO" retoman a labor de dar limpeza os sendeiros que de un lado a outro, atravesan a Serra. Nesta primeira xornada do 2002 o lugar elixido para acondicionar foi a antiga vía de saída dos pobos do Caurel Baixo, cara a Pobra de Brollón e Monforte; o camiño que paralelo o río pola súa marxe esquerda leva dende Froxán hasta Paramedela e así dar continuidade o proxecto que dende a Asociación se planeou de crear unha ruta que discorra a veira do Lor o seu paso polo Concello do Caurel e darlle continuidade para que siga en todo o percorrido do río dende o seu nacemento no Concello de Pedrafita do Cebreiro hasta o seu fin ó xuntar as súas augas cas do Sil no Concello de Quiroga.

Nesta ocasión o equipo de limpeza viuse apoiado por un bo número de practicantes e afeccionados o sendeirismo, chegados dende Santiago e Lugo integrantes da Sección de Sendeirismo do Club FONTIÑAS de Santiago, que dun xeito totalmente desinteresado colaboraron nesta xornada e o mesmo tempo valoran as moitas posibilidades que O Caurel ten para os seareiros ó san e entretido deporte de camiñar.

Queremos dende esta nota agradecer axuda prestada que coma ben se pode apreciar na foto foi de gran importancia, o sendeiro atopábase intransitable.

Apelidos..... Nome:..... D.N.I.....
Enderezo:..... C.P:.....
Localidade..... Provincia..... Teléfono.....

A correspondente ó ano 2002 é de 15 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria
(marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta Nº **3070/0006/52/0205002460** aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)

- Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

DOMICILIACIÓN DE PAGOS

Nº de CONTA (20 díxitos)...../...../..... Titular:.....
Banco ou Caixa..... Enderezo.....

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e hasta nova orden, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"

Sr. Director del Banco o Caja: Tengo a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta

En..... a..... de..... de..... Asdo:.....



Fonfría - Camiño de Santiago - 27671 Pedrafita do Cebreiro
Teléf. e Fax. 982 161 335



* COMIDA TRADICIONAL
* PRODUCTOS TÍPICOS
* ARTESANÍA
* SALÓN DE XOGOS E CONFERENCIAS
* ALOXAMENTO DE TURISMO RURAL (C.L.)
* OFICINA DE INFORMACIÓN

CASA NÚÑEZ
UNHA MIRAGRE NO CAMIÑO

SABIAS QUE.....

O castiñeiro máis grande do mundo ou que se ten lembranza, atopábase na ladeira oriental do Etna, preto a Sant Alfio Sull'Etna, Catania, no derradeiro século. Tiña entre 50 ou 62 metros de circunferencia, según quen o mediu, e debaixo da súa espesa follaxe abrigaba a cen cabalos e cen cabaleiros, por eso lle chamaban o castiñeiro dos cen cabalos.

Botáronlle que tiña entre 2.500 a 3.000 anos (xa era vello cando Platón vivía en Siracusa). O castiñeiro acabou morrendo por culpa da codicia da xente; non lle agradeceron o froito que daba, aínda lle cortaban as pólas para asar as castañas. Sufriu moitos ultraxes dos turistas, para levar recordos arrincáronlle hasta a casca.”

ADIVINA:

“Pariu miña nai coa barriga de miña aboa
ca lá para dentro e o pelexo para fora

SALVADOR PARAREDA MUNS (Aiguafreda-Barcelona)

AGRADECEMENTO

Temos que agradecer o Portal de Internet galiciadixital.com que esta publicación xa viaxe pola rede e pode ser visitada en calquer lugar do mundo, para visitala hai que entrar na páxina: www.galiciadixital.com e dende aquí o menú comunicación e logo publicaciones, a revista pode verse no formato orixinal.


NOTA: A Asociación “FONTE do MILAGRO” non se responsabiliza do contido dos traballos e cartas que se publican nesta Revista, pasando esa responsabilidade ó autor ou autores. É o noso desexo que estas follas sirvan de entretemento, e, dalgún xeito, den a coñecer máis o Caurel, as súas necesidades, inquiredanzas, a súa cultura e tradicións, os servicios, as fermosas paisaxes etc. Agradecemos tódalas cartas que nos están a chegar para que a través deste medio podan ser lidas por quen olla ou curiosea esta revista, pero, é conveniente que cando nos envíes estos escritos, veñan acompañados dos datos personales do autor, aínda que asine con pseudónimo. Si desexas que a túa carta ou traballo saia no próximo número, non tardes en enviala, a ser posible antes do 31 de Maio do 2002.

Esta publicación faise en Galego nalgunhas ocasións este galego é o que falan e escriben as xentes do Caurel e nos temos que respetar, como excepción tamen algún texto pode ir en Castelán cando o autor coma no caso do texto que sae neste número o pide a xeito de dedicatoria.



ACAMPAMENTO O CAUREL

CAMPING - BUNGALOWS



ESPERANTE -SEOANE

RESERVAS:

Viajes QUIMATURS - LUGO

Teléfono (982) 24 61 11

Tfno.: Camping: (982) 43 31 01



A BANDA DE GAITAS DO CAUREL PARTICIPOU NO XVIII FESTIVAL DE MÚSICA GALEGA CELEBRADO O 23 DE FEBREIRO EN BARCELONA

O Festival de Música Galega chegaba a súa XVIII edición. Este festival que se celebra na cidade Condal organizado pola Escola de Gaitas e Danzas “Toxos e Xestas”, agrupación que conta cun reconocido prestixio como organizadora de certámenes de cultura galega, así coma de contar con unha escola de gaitas e danza e con unha das mellores Bandas que participan na Liga Galega de Bandas de Gaitas; pese a distancia coa nosa comunidade acoden a tódalas citas acadando destacadas posicións no Grado 1, categoría na que participan.

Con un cartel de luxo entre agrupacións, e artistas que fan que cada día a música e cultura de Galicia saia máis ala das nosas fronteiras, actuou a Banda de Gaitas do Caurel. Os rapaces que tiveron unha actuación

moi aplaudida e eloxiada polas moitas persoas que encheron o Palacio de Congresos de Montjuïc deixaron moi alto o pavillón do Caurel, interpretando pezas que no seu día foron recollidas da cultura musical do Caurel polo director desta Banda, Xosé Lois Foxo que facendo soar unha gaita do século XVIII interpretou un cantar o que puxo a voz o seu fillo Marco. E non podía faltar a poesía do Caurel, e de recitar un poema dos seus encargouse Xesús Galán.

Non teño espazo para moito pero é obrigado felicitar dende esta publicación a Asociación “Toxos e Xestas” pola magnífica labor que na distancia estan a facer pola cultura galega, así como pola organización deste certamen. E tamén felicitar os rapaces e rapazas da nosa Banda, a Banda de Gaitas do Caurel.

Evaristo Méndez



P a r r i l l a d a



Paredes

COMIDAS POR ENCARGO
PRODUCTOS CASEROS



PAREDES - Lóuzara - SAMOS (Lugo)
Tel. 982 546 167 - Tel. 982 546 150



Colaboran:



Deputación de Lugo



Concello de Folgoso do Caurel

**Unha area recreativa
en plena natureza
do Caurel**

**Carnes a brasa e
productos da zona**

[Www.galiciaonline.es/oponton](http://www.galiciaonline.es/oponton)

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar O'PONTON

Ferreirós dábaixo Caurel

Tel: 982 16 52 18

AULA DA NATUREZA DE MOREDA DE CAUREL



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental

